



DATOS IDENTIFICATIVOS

Macroeconomía I

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Macroeconomía I | | | |
| Código | V03G100V01503 | | | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas | | | |
| Coordinador/a | Montero Muñoz, María | | | |
| Profesorado | Ferro Martínez, María Dolores Montero Muñoz, María | | | |
| Correo-e | mmontero@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo principal da materia Macroeconomía I é mostrar os alumnos cómo plantexar de xeito riguroso á vez que sinxelo as principais cuestións macroeconómicas. As discusións vanse centrar en torno a modelos concretos que intentan describir o comportamento da economía tanto no curto como no longo prazo, onde se discuten os efectos que as distintas medidas de política económica teñen sobre as distintas variabeis macroeconómicas. Un aspecto crucial a destacar é o papel que os distintos supostos de partida desempeñan nas conclusións de cada un dos modelos analizados. O programa de macroeconomía I parte dos contidos previamente analizados en Principios de Economía I y II, para a continuación introducir sucesivamente unha serie de liñas de ampliación dos modelos alí contemplados. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| C2 | Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas |
| C3 | Coñecer o marco institucional da economía |
| C5 | Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos |
| C6 | Adquirir coñecementos de Análise económica |
| C8 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido |
| C9 | Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado |
| C10 | Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos |
| C11 | Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados |
| D2 | Capacidade de traballar en equipo |
| D4 | Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos |
| D5 | Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas |
| D7 | Fomentar a actitude crítica e autocrítica |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----------|
| Aplicar as ferramentas básicas da análise económica, de modo que para abordar preguntas económicas sexan capaces de construír modelos económicos simples, que mediante unha representación simplificada da realidade permitan tratar axeitamente o problema. | C2 C5 C6 | D4 D5 |
| Buscar, identificar e interpretar fontes de información económica relevante e o seu contido. | C9 | |
| Analizar os efectos das políticas macroeconómicas, de modo que ante a aplicación dun novo instrumento de política económica sexan capaces de formarse unha opinión fundamentada sobre a súa eficacia na consecución dos obxectivos para os cales se tiña plantexado. | C11 | |
| Contemplar o modelo no seu conxunto dende unha perspectiva de equilibrio xeral. Isto implica coñecer a relevancia dos supostos que presiden o modelo, saber manexalo en distintas simulacións e aplicacións e ser capaz de realizar unha valoración crítica do mesmo determinando o seu alcance analítico e as súas limitacións. | C6 C10 | D5 D7 |

| | | |
|---|-----------|----------|
| Conectar os modelos económicos ca realidade para deste xeito poder empregalo para interpretala e explicar os fenómenos reais. | C3 | D5 |
| Realizar traballos empíricos nos que, empregando as ferramentas presentadas o longo do curso, demostre a súa capacidade para analizar, sintetizar e finalmente elaborar un informe. | C8 C10 | D2 D5 |

Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Tema 1. Introducción. | Introdución a análise macroeconómica. |
| Tema 2.- O mercado de bens. | O modelo Renda-Gasto. Supostos do modelo, ecuacións de comportamento e condición de equilibrio. Mecanismo de axuste. O multiplicador fiscal. |
| Tema 3. Os mercados financeiros. | Supostos sobre os mercados financeiros, ecuacións de comportamento e condición de equilibrio. Mecanismos de axuste. O multiplicador monetario. |
| Tema 4. O modelo IS-LM. | A curva IS: o equilibrio no mercado de bens. A curva LM: o equilibrio no mercado de diñeiro. Obtención da curva de Demanda Agregada. Análise conxunta dos mercados de bens e financeiros. Perturbacións reais e monetarias. |
| Tema 5. O mercado de traballo. | Supostos do modelo. Ecuacións do mercado de traballo: Función de produción, Ecuación de salarios e Ecuación de prezos. A taxa natural de paro. |
| Tema 6. O Modelo de Oferta e Demanda agregada. | Obtención da curva de Oferta agregada. Equilibrio a curto e medio prazo. Análise de perturbacións reais e monetarias: mecanismo de axuste. |
| Tema 7. A taxa natural de paro e a curva de Phillips. | Obtención da curva de Phillips. Expectativas de inflación. |
| Tema 8. Inflación, actividade económica e crecemento monetario. | Curva de Phillips, Lei de Okun e Demanda Agregada. |
| Tema 9. Temas de macroeconomía | Débeda Pública. Inflación. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 42 | 70 | 112 |
| Resolución de problemas | 27 | 45 | 72 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 3 | 15 | 18 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 3 | 20 | 23 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|--|
| Lección maxistral | As clases teóricas consistirán na exposición dos principais contidos dos distintos temas, desenvolvéndose con detalle aqueles aspectos de maior complexidade. Para un axeitado seguimento e comprensión das clases é moi recomendable que o alumnado lea con atención o material e bibliografía recomendado. |
| Resolución de problemas | As clases prácticas se utilizarán para discutir con maior profundidade os temas estudados nas leccións maxistras, para aprender a relacionar os coñecementos adquiridos cos problemas económicos da actualidade e para realizar actividades prácticas como a resolución de exercicios. Os boletíns de exercicios serán resoltos en clase coa participación dos estudantes, chamados aleatoriamente para presentar a solución a distintas preguntas. O traballo persoal do alumnado facilitará consolidar os coñecementos e adquirir soltura na resolución dos problemas plantexados. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|---|
| Lección maxistral | O alumnado poderá facer uso das titorías individuais programadas para preguntar as súas dúbidas sobre os temas expostos na aula. |
| Resolución de problemas | O alumnado poderá facer uso das titorías individuais programadas para aclarar as dúbidas que lle poidan xurdir durante o seu traballo autónomo para a resolución dos boletíns de problemas. |

Avaliación

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------|---------------|---------------------------------------|
| | | |

| | | | | |
|---|--|----|--|----------------|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Probas nas que o alumnado debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios. | 40 | C2 C5 C6 C8 C9 C10 C11 | D2 D4 D5 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Probas que inclúen preguntas abertas nas que os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada. | 60 | C2 C3 C5 C6 C9 C10 C11 | D5 D7 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

SISTEMA DE AVALIACION

Convocatoria Ordinaria

O alumnado poderá optar entre un sistema de avaliación continua ou un sistema de avaliación global única.

Modalidade de Avaliación Continua

A avaliación da materia constará de dúas partes:

- Primeiro Exame. A metade de cuatrimestre levarase a cabo un exame sobre os contidos dos Tems 1 a 4. Para superar esta proba é necesario obter 5 puntos sobre 10. Noutro caso, o alumnado deberá examinarse de toda a materia no exame global da convocatoria ordinaria. O resultado desta proba pesará un 40% na nota final.
- Segundo Exame. Esta proba realizarase na data oficial fixada no calendario de exames. O resultado desta proba pesará un 60% na nota final.

Modalidade de Avaliación Global única: Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Este exame terá contido tanto teórico como práctico, e terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames que se pode consultar na web da Facultade (fccee.uvigo.es)

Convocatoria Extraordinaria:

Nesta convocatoria, o alumnado poderá optar por realizar o exame global único, co 100% da nota, ou ben continuar no sistema de avaliación continua. O exame terá contido tanto teórico como práctico, e terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames que se pode consultar na web da Facultade (fccee.uvigo.es)

Convocatoria Fin de Carrera:

Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación. O exame terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames que se pode consultar na web da Facultade (fccee.uvigo.es).

DATAS OFICIAIS DAS PROBAS DE AVALIACION EXAME:

Consultar en <http://fccee.uvigo.es/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BLANCHARD, O., **Macroeconomía**, 7ª Edición, Pearson, 2017

BELZUNEGUI, B., CABRERIZO, J., PADILLA, R. E I. VALERO, **Macroeconomía. Problemas y ejercicios resueltos**, 3ª Edición, Pearson, 2013

MANKIW, G., **Macroeconomía**, 10ª Edición, Antoni Bosch, 2020

Bibliografía Complementaria

Acemoglu, D., Laibson, D., List, J., **Macroeconomics**, 2ª Edición, Pearson, 2018

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Macroeconomía II/V03G100V01604

Macroeconomía avanzada/V03G100V01912

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Economía: Principios de economía II/V03G100V01203

Microeconomía I/V03G100V01304

Microeconomía II/V03G100V01404

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

- Clase maxistral. Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.

- Resolución de problemas. Formulación, análise , resolución e debate de problemas ou exercicios relacionados cos temas impartidos.

* Metodoloxías docentes que se modifican

- Docencia presencial. Trátase de adaptar os materiais empregados a un contexto de docencia virtual. O alumnado recibe clases na aula virtual sobre os principais contidos de cada tema.

- Resolución de problemas. Emprego das aulas virtuais para a resolución de exercicios e problemas propostos.

Posteriormente o alumnado debe resolver de forma autónoma os exercicios relativos a cada tema e entregalos na plataforma docente.

- Se porá a disposición do alumnado unha serie de test de autoavaliación para o seguimento da aprendizaxe.

Na modalidade non presencial a actividade docente impartirase mediante Campus Remoto, co uso da plataforma de teledocencia e/ou Moodle como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

- Atención en aula virtual previa solicitude por parte do alumnado.

- Resolución de dúbidas por correo electrónico.

Estas sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de Moodle, ...) baixo a modalidade de concertación previa

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se prevé a eliminación de contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se precisa bibliografía adicional.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Non se prevé modificar o peso das probas.

* Probas pendentes que se manteñen

Non se prevé modificar o peso das probas.

* Probas que se modifican

As probas previstas para realizar de forma presenciais pasarían a ser online.

* Novas probas

No caso de suspensión das clases presenciais, procederíase a realización de probas online, tanto de formato tipo test como de desenvolvemento.
